

ACTA Nº 14/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 05 DE ABRIL DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.

D. Arturo González Pérez.

D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.

D. Daniel Rodas Chapela.

D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 5 de abril de 2010, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta dos borradores das actas da sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local números 10/10 e 11/10, do 8 e do 15 de marzo de 2010 respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalas.

2.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que na resolución núm. 177/10, do 30 de marzo, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno no recoñecemento da obriga para a concesión dunha axuda de supervivencia.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- RECTIFICACIÓN DE ACORDO

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de febreiro de 2010 aprobouse o recoñecemento da obriga por importe de 41,73 euros a Pilar Lorenzo Alonso, en concepto de consumo de enerxía eléctrica do local social dos barrios do Redondo e do Rosal, con cargo á partida 2310 22100, cando debería imputarse á partida 2310 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda rectificar o acordo tomado na xuntanza do 8 de febreiro de 2010 en relación aos gastos derivados de arrendamento do local destinado a local social dos barrios do Redondo e do Rosal, e recoñecer a obriga por importe de 41,73 euros a PILAR LORENZO ALONSO, en concepto de consumo de enerxía eléctrica con cargo á partida 2310 202.00.

4.- SOLICITUDES DE PAGAMENTOS DE DESPRAZAMENTOS DE PERSOAL DO CONCELLO

4.A) O inspector xefe da Policía local, por informe do 18 de xaneiro de 2010, indica que ese mesmo día o policía Manuel Gómez Silva tivo que desprazarse no seu vehículo particular a Cangas para asistir como testemuña a un xuízo, atestado nº 2007/091-A, e que percorreu un total de 15 km, ida e volta. Indica tamén que ao abeiro do acordo marco e segundo o custe estipulado de 0,19 €/km, solicita que se lle pague a cantidade de 2,85 euros polo quilometraxe efectuado.

Visto o informe do interventor municipal do 31 de marzo de 2010 no que emite reparo ao recoñecemento desta obriga xa que *no acordo marco regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Moaña non consta a previsión de abono de gastos por causa de desprazamentos por asistencias a xuízos, e xa que este gasto non é unha indemnización por razón do servizo das contempladas no hoxe vixente Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, e xa que estas comparecencias xudiciais non se efectúan no marco do servizo encomendado polo Concello de Moaña senón no seo dun procedemento xudicial e, en todo caso, non constando a existencia dun permiso outorgado polo órgano municipal competente.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a solicitude de pagamento do desprazamento realizado segundo o informe do interventor municipal.

4.B) D.^a Margarita Calvar Fernández, funcionaria do Concello, presenta o 26.11.08 gastos de desprazamento a Pontevedra para asistir ao curso superior de galego impartido do 1 de outubro ao 4 de novembro, de luns a xoves. Estima os gastos en 250,80 euros.

O departamento de persoal, o día 14.12.09, achega escrito de D.^a Margarita Calvar Fernández no que presenta relación de gastos por importe de 305,77 euros por quilometraxe a Pontevedra, Poio e Marín por varios cursillos do Plan agrupado de formación 2009. O escrito da funcionaria, do 3 de decembro de 2009, recolle que realizou os cursos de Word 2007, Contratación Laboral na Administración Pública, Adobe Photoshop, Novas Liñas de Financiamento Europeo e Nova Contabilidade nas

Corporacións Locais e indica que a suma dos gastos por desprazamento e aparcamento é de 305,77 euros.

Visto o informe do interventor municipal do 31 de marzo de 2010 no que conclúe:

Polo exposto, e á vista da falta de acto administrativo de ordenación de asistencia a curso de formación, dictado polo alcalde Presidente do Concello de Moaña, no que se defina a comisión e se autorice o gasto, e de estimarse procedente, se autorice á funcionaria para a utilización do vehículo propio para o desprazamento aos cursos con indicación de que será este Concello o que asuma estes custos, da falta de acreditación do aproveitamento dos cursos e dos días de asistencia efectiva, así como da inexistencia de crédito orzamentario suficiente para a imputación deste gasto na partida 9300.23120 do orzamento do Concello de Moaña para o ano 2010, esta Intervención emite ifnorme de reparo ao recoñecemento de obrigas en concepto de indemnización por utilización de vehículo particular por asistencia a cursos de formación a favor de dona Margarita Calvar Fernández, en cumprimento do disposto no artigo 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facends locais.

Xa que un dos motivos dos reparos formulados é a insuficiencia de crédito orzamentario a resolución dos reparos, se procede, corresponderá ao Concello-Pleno do Concello de Moaña en cumprimento do disposto no artigo 217.2.a) do citado TRLRFL.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar as solicitudes de D.^a Margarita Calvar Fernández por falta de autorización previa, baseándose no informe do interventor municipal.

5.- RECLAMACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS REALIZADAS POR PERSOAL LABORAL FIXO DO CONCELLO

Vista a proposta da Alcaldía do 26 de novembro de 2009, que di:

Visto polo departamento de persoal, as solicitudes presentadas polos traballadores D. Antonio González Couso, D. Luis Entenza Domínguez e D. Jesús García Trigo, no que solicitan se lle abonen as horas extraordinarias realizadas por mor da alerta laranxa polas fortes choivas e temporal sufrido neste Concello.

Hai informe do capataz de data 18 de novembro actual, no que manifesta que os citados traballadores estiveron realizando labores de arranxos e desperfectos no preescolar de Seara, colexio de Reibón, así como revisións das arquetas nos citados centros escolares.

Na súa consecuencia esta Alcaldía propón que se lle abone, de acordo co artigo 20 de convenio de persoal laboral, as horas extras seguintes:

D. Antonio González Couso, a cantidade de 35,73 euros por 3 H.E.

D. Luis Entenza Domínguez, a cantidade de 35,73 euros por 3 H.E.

D. Jesús García Trigo, a cantidade de 25,44 euros por 2 H.E.

Proceda pola Intervención municipal a tramitación da solicitude para a súa aprobación e aboamento, se procede, pola Xunta de Goberno.”

Visto o informe favorable do interventor municipal do día 31 de marzo de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga polos importes que se detallan de seguindo, para o seu posterior pagamento:

- 35,73 € a D. Antonio González Couso pola realización de 3 horas extraordinarias,

- 35,73 € a D. Luis Entenza Domínguez, pola realización de 3 horas extraordinarias.

- 25,44 € a D. Jesús García Trigo pola realización de 2 horas extraordinarias

6.- AXUDAS EXTRASANITARIAS

D. Jesús Rodríguez Piñeiro, traballador laboral fixo do Concello, solicita axuda extrasanitaria para a adquisición dunhas gafas segundo o convenio de persoal laboral, e achega informe médico e factura.

Visto o artigo 25 do convenio de persoal laboral,.

Visto o informe favorable do interventor do 31 de marzo de 2010, que cuantifica a axuda en 50,00 euros para a montura (50% do gasto xustificado) e en 150 euros para os lentes,

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga a favor de D. Jesús Rodríguez Piñeiro, por importe de 200,00 euros, con cargo a partida 2210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria.

7.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA POR INSTALACIÓN DE TERRAZA

D. JOSE ANTONIO VERDE VIEIRA, do BAR COFRARÍA DE PESCADORES, solicita, por escrito do 29 de marzo de 2010, a devolución da fianza pola terraza que instalou no ano 2009,

Visto o informe da tesoureira municipal do 5 de abril de 2010, no que, unha vez acreditado o depósito da fianza na Tesourería (nº documento 2009-500-0), e visto o informe do xefe da Policía Local do 31 de marzo de 2010, **informa favorablemente** a devolución da fianza ingresada por José Antonio Verde Vieira (Bar Cofradía de pescadores), por importe de 400,00 euros..

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución da fianza de 400 euros a favor de D JOSÉ ANTONIO VERDE VIEIRA.

8.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE MEIRA (MOAÑA).”

Mediante Resolución da Alcaldía de data 8 de marzo de 2010 aprobouse Proxecto de obra de “Mellora de eficiencia energética do alumado público na parroquia de Meira (Moaña)”, obra incluída no Fondo Estatal de Investimento Local. O Proxecto foi redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño, e conta cun importe de execución por contrata de CINCOENTA MIL EUROS (50.000,00 euros). (43.103,45 euros + 6.896,55 euros de IVE).

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U.

Á oferta presentada pola empresa presenta as seguintes condicións: CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U.: Prezo: CINCOENTA MIL EUROS (50.000,00 euros). (43.103,45 euros + 6.896,55 euros de IVE). Prazo de execución: Dous meses.

Asemesmo a empresa presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e ca Seguridade Social e aval por importe de 2.155,17 euros.

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de contrato de obra.

A Secretaría emite informe en data 16 de marzo de 2010 e A intervención Municipal en data 29 de marzo de 2010.

A Xunta de Goberno, á vista dos citados antecedentes e, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 29 de marzo de 2010 por entender suficientemente xustificado, en base ás características reflectidas no proxecto, a consideración do contrato coma contrato de obra.

SEGUNDO.- Adxudicar o contrato menor da obra “Mellora de eficiencia energética do alumado público na parroquia de Meira (Moaña)” á empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U. por un importe total de CINCOENTA MIL EUROS (50.000,00 euros). (43.103,45 euros + 6.896,55 euros de IVE), conforme ao Orzamento presentado por esta empresa e cun prazo de execución de dous meses.

TERCEIRO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle cita para que nos 30 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo. Ademais a empresa deberá de presentar, con anterioridade á sinatura do contrato, a acreditación da contratación de alomenos un traballador de nova contratación que se atopase en situación de desemprego, prioritariamente en situación de desemprego de larga duración, e que fose requirido a través dos Servizos Públicos de Emprego, conforme Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo á partida de Gastos 1650.61103 do Orzamento Municipal por importe de 50.000,00 euros.

QUINTO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal.

9.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO NA PARROQUIA DE DOMAIO (MOAÑA).”

Mediante Resolución da Alcaldía de data 8 de marzo de 2010 aprobose Proxecto de obra de “Mellora de eficiencia energética do alumeado público na parroquia de Domaio (Moaña)”, obra incluída no Fondo Estatal de Investimento Local. O Proxecto foi redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño, e conta cun importe de execución por contrata de de execución por contrata de CINCOENTA MIL EUROS (50.000,00 euros). (43.103,45 euros + 6.896,55 euros de IVE).

Para a realización do obxecto do contrato solicitouse oferta á empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U.

Á oferta presentada pola empresa presenta as seguintes condicións: CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U.: Prezo: CINCOENTA MIL EUROS (50.000,00 euros). (43.103,45 euros + 6.896,55 euros de IVE). Prazo de execución: Dous meses.

Asemesmo a empresa presenta certificados de estar ao corrente nas obrigas tributarias e ca Seguridade Social e aval por importe de 2.155,17 euros.

O contrato que se pretende adxudicar, en atención á súa contía, pode cualificarse de menor, ao amparo do establecido con carácter xeral no artigo 122.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación co artigo 95 de dito texto legal, tendo a consideración de contrato de obra.

A Secretaría emite informe en data 16 de marzo de 2010 e A intervención Municipal en data 29 de marzo de 2010.

A Xunta de Goberno, á vista dos citados antecendentes e, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo da Intervención Municipal emitido en informe de data 29 de marzo de 2010 por entender suficientemente xustificado, en base ás características reflectidas no proxecto, a consideración do contrato coma contrato de obra.

SEGUNDO.- Adxudicar o contrato menor da obra “Mellora de eficiencia energética do alumeado público na parroquia de Domaio (Moaña)” á empresa CORUÑESA DE AHORRO ENERGÉTICO S.L.U. por un importe total de CINCOENTA MIL EUROS (50.000,00 euros). (43.103,45 euros + 6.896,55 euros de IVE), conforme ao Orzamento presentado por esta empresa e cun prazo de execución de dous meses.

TERCEIRO.- Que se notifique ao contratista dentro do prazo de dez días o presente acordo de adxudicación e se lle cita para que nos 30 días seguintes a notificación da adxudicación concorra a formaliza-lo contrato en documento administrativo. Ademais a empresa deberá de presentar, con anterioridade á sinatura do contrato, a acreditación da contratación de alomenos un traballador de nova contratación que se atopase en situación de desemprego, prioritariamente en situación de desemprego de larga duración, e que fose requirido a través dos Servizos Públicos de Emprego, conforme Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

CUARTO.- Aprobar o gasto con cargo á partida de Gastos 1650.61100 do Orzamento Municipal por importe de 50.000,00 euros.

QUINTO.- Nomear como Director da obra ao abeiro do disposto no Decreto 1627/97 de 24 de outubro, a D. Xosé Manuel Carballo Moldes, Arquitecto técnico municipal.

10.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DE SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA NO CONCELLO DE MOAÑA (1ª FASE)

Examinado o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 8 de marzo de 2010 para a prestación do servizo de implantación de sistema de xestión informática no Concello de Moaña (1ª fase), e que conta cun importe de execución por contrata que ascende a TRINTA E DOUS MIL CINCOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS E NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (32.597,98 euros). (28.101,71 euros + 4.496,27 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO: Ratificar a declaración da tramitación urxente do expediente á vista no disposto no artigo 17.1 do Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local: *“La contratación de las obras financiadas con arreglo a este Real Decreto-ley tendrá la consideración de urgente a los efectos previstos en el artículo 96 de la Ley de Contratos del Sector Público, aplicándose, además, las siguientes normas procedimentales.”*

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 8 de marzo de 2010 para a prestación do servizo de implantación de sistema de xestión informática no Concello de Moaña (1ª fase) que conta cun importe de execución por contrata que ascende a TRINTA E DOUS MIL CINCOCENTOS NOVENTA E SETE EUROS E NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (32.597,98 euros). (28.101,71 euros + 4.496,27 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- COREMAIN.
- INFORMÁTICA EL CORTE INGLÉS S.L.
- HUMAN SOFT S.L.

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 32.597,98 euros con cargo á partida 9200.62601 do orzamento municipal do ano 2010.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

11.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DE SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA NA POLICÍA LOCAL DE MOAÑA

Examinado o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 8 de marzo de 2010 para a prestación do servizo de Implantación de sistema de xestión informática na policía local de Moaña, e que conta cun importe de execución por contrata que ascende a CORENTA MIL EUROS (40.000,00 euros). (34.482,76 euros + 5.517,24 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO: Ratificar a declaración da tramitación urxente do expediente á vista no disposto no artigo 17.1 do Real Decreto-lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local: *“La contratación de las obras financiadas con arreglo a este Real Decreto-ley tendrá la consideración de urgente a los efectos previstos en el artículo 96 de la Ley de Contratos del Sector Público, aplicándose, además, las siguientes normas procedimentales.*

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 8 de marzo de 2010 para a prestación do servizo de implantación de sistema de xestión informática no Concello de Moaña (1ª fase) que conta cun importe de execución por contrata que ascende a CORENTA MIL EUROS (40.000,00 euros). (34.482,76 euros + 5.517,24 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade.

CUARTO.- Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- EUROHELP CONSULTING.

- VEICAR S.L.

- HUMAN SOFT S.L.

QUINTO.- Autorizar o gasto por importe de 40.000,00 euros con cargo á partida 1320.62600 do orzamento municipal do ano 2010.

SEXTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación.

12.- SOLICITUDES DE TARIFAS REDUCIDAS PARA O SERVIZO DE ABASTECIMIENTO DE AUGAS E SANEAMENTO

Visto o informe do 5 de abril de 2010 da traballadora social do Concello, emitido en relación coas solicitudes recibidas para a obtención de tarifas reducidas para o servizo de augas e depuración que achega, no que indica as persoas que cumpren cos requisitos esixidos na ordenanza municipal,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe da traballadora social, acorda:

Primeiro: Aprobar a redución do 50% da tarifa do servizo de augas e depuración as seguintes persoas:

- D^a. Isabel Rodríguez Chapela. Veigadarca, 107.
- D^a Asunción Collazo Gil. Igrexario, 15. Tirán.
- D^a Darelys Candelaria Sánchez Méndez. Sisalde, 13 – 1º A. O Redondo.

Segundo: Denegar as seguintes solicitudes de tarifa reducida por non cumpriren cos requisitos establecidos na ordenanza municipal:

- D.^a M^a Rosario Fernández Ambroa. Avda. José Costa Alonso, 30 – 2º C.
- D.^a María del Pilar Malvido Freir. Avda. Marín, 228. Quintela

Terceiro: Notificarlle o acordo a Aqualia.

13.- BASES PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTA PARA POSIBLES CONTRATACIÓNS DE TRABALLADORES/AS PARA A OFICINA DE INFORMACIÓN TURÍSTICA.

Vista a proposta de bases para a confección dunha lista para posibles contratacións de traballadores/as para a oficina de información turística, que di:

PRIMEIRA: OBXECTO

Para poder poñer en funcionamento no seu día as oficinas de información turística o Concello pretende facer unha lista por orden de puntuación para posibles contratacións como informadores-as turísticas.

Duración do contrato: 3 meses nas datas que se establezan no seu día

Tipo de contrato: Contrato de traballo por obra ou servizo determinado.

Xornada laboral: 35 horas repartidas entre os días da semana, incluídos sábados e domingos.

Retribucións: 827,42 euros brutos mensuais.

SEGUNDA: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES.

Para tomar parte nesta convocatoria, será necesario acreditar:

- a) Ser español. Os nacionais dos demais Estados membros da U.E. e os estranxeiros residentes en España poderán acceder en igualdade de condicións cós españois, deberán acreditar a súa nacionalidade ou a súa residencia mediante a tarxeta acreditativa, en orixinal ou fotocopia compulsada, da súa identidade, expedida polas autoridades competentes do seu país de orixe.
- b) Ter 16 anos cumpridos e non exceder dos 65.
- c) Estar en posesión do título de diplomado en turismo ou ciclo superior en información e comercialización turística. Tamén poderán concorrer ó proceso selectivo os estudantes destas dúas especialidades formativas.
- d) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- e) Non estar separado, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, que determinen as disposicións vixentes.

Todos estes requisitos deberán posuírse no momento de remata-lo prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata o momento da proposta de contratación e posterior sinatura do contrato.

TERCEIRA: INSTANCIAS

As instancias para tomar parte nesta convocatoria, nas que os aspirantes manifestarán que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos, dirixiranse ó Sr. Alcalde-Presidente da Corporación e presentaranse no rexistro xeral deste concello, no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte ó da publicación das presentes bases.

Así mesmo os aspirantes acompañaran ás instancias a documentación seguinte:

- Fotocopia do DNI debidamente compulsada.
- Fotocopia compulsada do documento de afiliación á Seguridade Social.
- Fotocopia compulsada do título esixido ou, no seu defecto, xustificante de ter cumpridos tódolos requisitos para a expedición do mesmo, ou ben documentación acreditativa de estar cursando estudos de diplomatura en turismo ou ciclo formativo superior de información e comercialización turística.
- Declaración xurada de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ó posto de traballo.
- Declaración xurada de cumprir-los requisitos sinalados na base segunda, apartado e) sen prexuízo no seu caso de ter que acreditalo tamén de xeito documental caso de así o solicitase o Tribunal.
- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos que aleguen (títulos de cursos, contratos, nóminas...)
- Vida laboral actualizada.

CUARTA: SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN.

1. Valoración de currículos, 30% da puntuación, valorándose méritos da seguinte forma:

- Experiencia: A máxima puntuación neste apartado será de 1,50 puntos.
Por cada mes de traballo acreditado en posto similar ó que aspira.....0,05 puntos.
- Formación: A máxima puntuación neste apartado será de 1,30 puntos.

Por cada curso de formación, impartido, organizado ou homologado por administracións públicas ou universidades, directamente relacionado co posto de traballo ao que se opta, incluídos cursos de idiomas:

- Ata 30 horas0,10 puntos.
 - De 30 a 100 horas.....0,20 puntos.
 - De 101 a 200 horas 0,30 puntos.
 - Mais de 200 horas.....0,40 puntos.
 - Ciclo superior en turismo 0,50 puntos.
 - Diplomatura en turismo 0,60 puntos.
- Cursos de galego, impartidos, organizados ou homologados pola Xunta de Galicia. Máximo 0,20 puntos:
- Celga 30,10 puntos.
 - Celga 40,20 puntos.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante fotocopia compulsada de contratos ou nóminas ou certificacións oficiais e vida laboral actualizada.

O cursos de formación deberán acreditarse mediante fotocopia compulsada do título. So se valorarán os cursos de idiomas con titulación específica e diferenciada, non as asignaturas dentro doutra titulación.

Na fase de valoración de currículos poderase acadar un máximo de 3 puntos.

2. Exame tipo test, 40% da puntuación. Máximo 4 puntos.

Realización dun exame teórico tipo test de 20 preguntas, con tres posibles respostas alternativas, das que so 1 poderá ser correcta. Cada 2 preguntas mal contestadas resta 1 pregunta ben contestada, as preguntas non contestadas non restan. O tempo máximo será de 20 minutos. O exame versará para cada posto sobre as materias seguintes:

Tema 1.- Disposicións e actos administrativos segundo a Lei 30/1992.

Tema 2.- Disposicións xerais sobre procedementos administrativos segundo a Lei 30/1992.

Tema 3.- O municipio segundo a Lei de bases de réxime local.

Tema 4.- Deseño e comercialización de produtos turísticos locais e rexionais.

Tema 5.- Asistencia e guía de grupos.

Tema 6.- Produtos e destinos turísticos nacionais e internacionais.

Tema 7.- Coñecemento do Concello de Moaña e os seus recursos turísticos.

Tema 8.- Principais estruturas de organización e información turística en Moaña e en Galicia.

3. Tradución de inglés, 30% da puntuación. Máximo 3 puntos.

O exercicio consistirá en traducir un texto do galego ó inglés.

QUINTA: TRIBUNAL CUALIFICADOR.

Presidente:

- María Torea Priegue. Técnica local de emprego.

Vogais:

- Técnico de turismo enviado polo Patronato Rías Baixas.
- Carmen Pérez García. Orientadora laboral.
- Delegado/a Sindical

Secretario:

- O secretario do Concello de Moaña, ou funcionario en quen delegue.

Para a corrección da tradución de inglés o tribunal poderá nomear un asesor, de consideralo oportuno.

SEXTA: FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador elevará ó órgano competente a lista por orden de puntuación, unha vez aprobada, no intre que sexa necesario a contratación dalgún informador/a se chamaran por orden de puntuación pasando o seguinte no caso que algún este traballando ou non lle interese, tamen pode ser utilizada esta lista en caso de baixas, vacacións ou por reforzo do servizo.

SETIMA: PRAZOS.

Presentación de documentación: 10 días hábiles a contar dende o seguinte ó da publicación das presentes bases.

Listado provisional de admitidos e excluídos e valoración provisional de currículos: 3 días hábiles a contar dende o seguinte ó de remate do prazo de presentación de documentación.

Período de alegacións: 2 días hábiles a contar dende o seguinte ó da publicación provisional de admitidos e excluídos.

Listado definitivo de admitidos e excluídos e valoración definitiva de currículos: 2 días hábiles a contar dende o seguinte ó do fin do período de alegacións.

Exame tipo test e tradución de inglés: A data, hora e lugar publicarase conxuntamente co listado definitivo de admitidos e excluídos.

OITAVA: PUBLICIDADE.

As presentes bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Moaña e nun dos diarios de máxima difusión a nivel provincial.

NOVENA: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

Para todo o non previsto nas presentes bases, será de aplicación a Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado público, Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia, a Lei 7/85 de Bases de Réxime Local, Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, o Real Decreto Legislativo 781/86 de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, o Decreto 95/1991 polo que se aproba o Regulamento de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, o Real Decreto 364/95, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado e Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as bases para que se confeccione unha lista para posibles contratacións de traballador/a para a oficina de información turística.

14.- MOBILIDADE

D.^a Edith M. Fernández Zamora, por escrito do 4 de xaneiro de 2010, expón que hai 2 anos que solicitou un vado e unha liña amarela e só lle outorgaron o vado. Achega a solicitude feita o 6 de setembro de 2007 e solicita que se lle outorgue a liña amarela que

solicitara, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 75 euros (vado, no seu domicilio, 4 ml, tres trimestres de 2010)

Visto o informe do oficial e do policía nºs 429003 e 429013, no que indican que *para garantir a axeitada entrada e saída do garaxe do inmoble do nº 114-A de Quinteiros, é necesario pintar unha liña amarela continua, de 4 mts. de lonxitude, ao carón da vivenda sita no nº 79 de Quinteiros, dende o marco esquerdo da porta de entrada ata a esquina oposta da fachada. O propietario da vivenda do nº 79 de Quinteiros manifesta que o lugar a sinalizar forma parte da súa propiedade.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o o pintado da liña (4 metros) solicitado por D.^a Edith M. Fernández Zamora.

15.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas €	Informe favorable
Fernando Alves Malvido	Auga usos comerciais	Bernardino Graña, ed. Poza da Moura 2, 1 – nº 8	D ^{os} conexión auga..... 60 Fianza auga..... 20	Aqualia Arquitecto técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:05 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.